



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA
FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS
DÍA 12 DE SETEMBRO DE 2024**

Na Sala de Xuntas do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas e cinco minutos do día doce de setembro de dous mil vinte e catro, reúnen-se en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, os membros do Consello Reitor que se relacionan, e co seguinte orde do día:

Presidente: D. Carlos Coira Lojo
Vicepresidente: D. Álvaro Carou García
Vogais: D. Ángel Cardalda Mosquera
Dna. Tania García Sanmartín.
Dna. Elena Suárez Sarmiento
Dna. Marta M^a Ferradáns Padín
D. Manuel Abalo Portas
D. José Luis Peso Teodosio
D. Isidoro Canabal Durán
Secretaria: Dna. Rosa Losada Suárez
Interventor: D. Manuel Franco Leis
Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco

1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, SE PROCEDE.

Dáse conta da acta do Consello Reitor da sesión extraordinaria do día dezasete de xullo de dous mil vinte e catro e, unha vez atopada conforme o Consello Reitor por unanimidade, preséntalle a súa aprobación.

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, DO PERIODO DO 29 DE MAIO AO 06 DE SETEMBRO DO ANO 2024.

Pola Sra. Secretaria dase conta das resolucións do período do 29 de maio ao 6 de setembro. O Consello Reitor queda sabedor.



3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS DE ADULTOS TEMPADA 2024-25

Polo Sr. Director Deportivo preséntase o proxecto de Actividades Físico Deportivas para Adultos para a tempada 2024-25, o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

4.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO DE ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS TEMPADA 2024-25

Polo Sr. Director Deportivo preséntase o proxecto de Escolas Deportivas Municipais para a tempada 2024-25, o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

5.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DOS HORARIOS DE ADESTRAMENTOS PARA DEPORTE FEDERADO DOS CLUBES/ENTIDADES DEPORTIVAS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA A TEMPADA 2024-25

Polo Sr. Director Deportivo preséntase os horarios de adestramentos para o deporte federado dos clubs /entidades deportivas nas instalacións deportivas municipais para a tempada 2024-25, o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Polo Sr. Presidente da Fundación de Deportes comenta distintos temas relacionados coa Fundación:

- 1.- As subvención, incorporouse Adela, e en próximas datas estarán listas, esperando poder abonar o 80% das mesmas.
- 2.- A obra do Pavillón Nº 1 do Complexo Deportivo Municipal de Fontecarmoa, xa se recepcionou, estando pendente os videomarcadores novos, que estarán a principios de outubro. No EM A Lomba e no CFM Manuel Jiménez xa se pode gravar os actos deportivos a través dunhas cámaras de intelixencia artificial, e tamén é intención instalalas no pavillón nº 1 do Complexo para que se poidan retransmitir por streaming os partidos.

Intervén a Sra. Elena Suárez solicita unha copia da acta de recepción da obra do Pavillón Nº 1 do Complexo Deportivo Municipal de Fontecarmoa O Sr. Presidente inca que se lle entregará a copia solicitada.





3.- A obra do C.F.M. de Berdón xa comenzou e se as condicións atmosféricas son favorables rematarán neste mes de setembro.

4.- No Pavillón Municipal de Carril estase coa obra de adecuación da cuberta de vestidores e a construción de un aseo para o público que finalizará a finais de mes.

5.- En relación as pistas do Estadio de Atletismo, solicitouse a Federación Galega de Atletismo un informe previo antes de solicitar unha nova homologación a Real Federación Española de Atletismo.

6.- A Fundación de Deportes está a traballar para organizar unha nova edición da Media Maratón Concello de Vilagarcía para o domingo 24 de novembro

7.- No Estadio de A Lomba solicitouse orzamento a varias empresas para a realización dun proxecto para a rexección do terreo de xogo.

8.- Na piscina municipal cambiouse a cristaleira, priorizando o abrir a piscina ao público, para non perxudicar aos traballadores da mesma. Por elo están finalizando a parte exterior da mesma e a cuberta, polo que as filtracións de auga que se virón xa quedarán solventadas a próxima semana.

9.- En relación ao Triatlón, houbo que aprazalo, estaba previsto para o pasado día 1, pero as obras da empresa Petrolam na calzada da rúa valle Inclán impediron o seu desenvolvemento, xa que era un risco para os participantes. Mañán decidirase na mesma obra se a nova data previstas, 29 de setembro, segue adelante.

Intervén a Sra. Elena Suárez e indica que Augas de Galicia, que é quen realiza a obra, non tiña coñecemento de esta tema.

10.- En relación ao periodo medio de pago, o mesmo pasou de 84 días aos 9,5 días grazas ao traballo realizado no departamento de intervención.

Polo Sr. Ángel Cardalda, pregunta como está a cuestión do estacionamento do CFM de Berdón.

O Sr. Presidente contéstalle que retomará o asunto.

Polo Sr. Manuel Abalo, solicita por un sinal de prohibido estacionar na Avenida Matosinhos, na beiraúa próxima ao Estadio Municipal de A Lomba para a reserva de autobuses do equipo visitante.



Pola Sra. Elena Suárez se trasladan as queixas de humidades e mal estado do tellado así como do parqué está en mal estado, enchufes sin protección, así como a cristaleira da piscina mete auga.

O Sr. Presidente contéstalle que priorizouse os traballos do interior para poder abrir a mesma, polo que ese problema se solucionará esta semana.

Polo Sr. Manuel Abalo, comenta que nos festivos, non se pode adestrar por estar pechadas as instalacións, polo que solicita un campo alternativo para poder adestrar eses días.

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.

